



Estela
ARQUEOLOXÍA
E PATRIMONIO

677164635-986126165
Rúa Venezuela nº29 Of.2
36204 Vigo
contacto@estela.info
CIF: B-36969756

Xefatura Territorial de Pontevedra
da Consellería de Cultural, Educación
e Ordenación Universitaria
Servizo de Arqueoloxía
Fernández Ladreda 45
36003 Pontevedra

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

PORTELO ÚNICO
REGISTRO DO CONCELLO DE BUEU
PONTEVEDRA

Data 08/06/2015 14.01.25

ENTRADA 1116 / RX 1080659



O abaixo asinante, **Nestor Bacelar Domínguez**, con DNI 76912195-B, arqueólogo con experiencia demostrada, solicita autorización para a dirección do Control arqueolóxico continuo das obras de rexeneración do entorno da igrexa de Santiago de Ermelo, Bueu. Vinculado ó nº de expediente 647/14.

Vigo, a 01 de Xuño de 2015

O arqueólogo:

Nestor Bacelar Domínguez
Rúa de Zaragoza, nº 20 3ºJ
CP: 36203 Vigo
Pontevedra
Telf: 654999579
Correo: nestorudeb@hotmail.com

000283

233

-2 JUN 2015



Proxecto de Actuación:

Control arqueolóxico continuo das obras de rexeneración do entorno da Igrexa de Santiago Ermelo, Bueu.



Imaxe: Anteprojecto de rexeneración do entorno da igrexa de Ermelo. Alfredo de la Campa Ferverza.

Promotor: Concello de Bueu

Autores: Francisco Alonso Toucido

Nestor Bacelar Domínguez

Data: Xuño de 2015



Estela
ARQUEOLOXÍA
E PATRIMONIO

677164635-986126165
contacto@estela.info

www.arqueoloxiaestela.com

000234



Estela
ARQUEOLOXÍA
E PATRIMONIO

677164635-986126165
Rúa Venezuela nº29 Of.2
36204 Vigo
contacto@estela.info
CIF: B-36969756

Proxecto de Actuación

Control arqueolóxico continuo das obras de rexeneración do entorno da igrexa de Santiago de Ermelo, Bueu.

Ficha técnica do proxecto de obra

Denominación do Proxecto: Proxecto de rexeneración do entorno da Igrexa de Ermelo.

Tipo de obra: humanización

Promotor: Concello de Bueu

Enderezo do promotor: Concello de Bueu, Eduardo Vicenti, nº8, 36930

Tipo de promotor: Público

Redactor: Alfredo de la Campa Ferverza

Situación da obra: Ermelo, Bueu, Pontevedra

Nº Exp. DXPC: 647/14

Ficha técnica da intervención arqueolóxica

Denominación da Actuación: Control arqueolóxico continuo das obras de rexeneración do entorno da igrexa de Santiago de Ermelo, Bueu.

Tipo de Actuación: Control

Autores do proxecto: Francisco Alonso Toucido e Néstor Bacelar Domínguez

Proxecto Marco: Proxecto de rexeneración do entorno da Igrexa de Ermelo

Dirección da Actuación: Néstor Bacelar Domínguez

Equipo Técnico: Francisco Alonso Toucido,

Data de realización: Xuño de 2015

Empresa: Estela Loxística e Proxectos S.L.



Características do proxecto de obra

-Situación: O emprazamento da obra sitúase no concello de Bueu, parroquia de Cela, no lugar Ermelo, con coordenadas: x: 519.276 y: 4.683.472 (SRS: ETRS89 UTM 29 N). O acceso realízase dende o núcleo urbano de Bueu, pola PO-551, dirección Cangas a uns 3 km localízase un cruce a man esquerda, dirección Meiro/Ermelo, a PO- 1306, ó final desa estrada atópase Ermelo. Como se mostra no mapa topográfico (Fig. 1).




Fig. -1. Localización da intervención.

-Descrición: o proxecto final consiste na rexeneración do entorno deste núcleo tradicional. Substituíndo o actual pavimento de asfalto, por unha solución mixta entre adoquín e enlousado de granito. Os tendidos eléctricos serán soterrados e crearase unha canalización, tamén soterrada para a recollida de augas pluviais. Nos límites cos muros tradicionais crearase unha franxa de amortecemento empregando as pedras do antigo empedrado constatado no lugar. A obra realizarase por medios mecánicos.



Estela
ARQUEOLOXÍA
E PATRIMONIO

677164635-986126165
Rúa Venezuela nº29 Of.2
36204 Vigo
contacto@estela.info
CIF: B-36969756

Características da intervención arqueolóxica

-Antecedentes administrativos:

O día 20 de novembro de 2014 o concello de Bueu recibe da DXPC unha comunicación con número de saída 117850/RX 1086658 sobre o proxecto de rexeneración do contorno da Igrexa de Ermelo, esta resolución establece a necesidade de concretar aspectos técnicos con respecto do pavimento así como a necesidade de realizar un control arqueolóxico da obra que podería incluír catas previas, debido á proximidade da Igrexa de Ermelo (GA 360040014). Con data 23 de xaneiro de 2015 preséntase no Concello de Bueu un proxecto de catas previas á realización da obra, dirixidas por Alejandro Güimil Fariña e realizadas pola empresa Estela Arqueoloxía e Patrimonio; para definir o proxecto construtivo. As devanditas catas son autorizadas o 09 de marzo de 2015 e nelas constatouse a existencia dun empedrado contemporáneo, en determinados puntos do camiño actual. Grazas ó resultado destas catas, o Concello de Bueu estuda a posibilidade de integrar o empedrado no futuro novo pavimento. Recentemente tramítase e execútase o proxecto de dotación de saneamento para o entorno, con control arqueolóxico dirixido por Néstor Bacelar Domínguez e código ED 102A 2015/184-0.

-Obxectivos da intervención:

A intervención arqueolóxica pretende constatar a presenza de niveis arqueoloxicamente fértiles así como minimizar as posibles afeccións ós mesmos.

Plan de Actuación e metodoloxía

O plan de actuación contempla as seguintes fases:

Revisión dos xacementos arqueolóxicos próximos á zona de traballo:

Tarefa xa realizada con anterioridade, no inventario da DXPC atópanse catalogados dous xacementos nas inmediacións da obra. A propia Igrexa de Ermelo, GA36004014, unha pequena igrexa barroca, que conta coa peculiaridade de posuír unha das poucas referencias epigráficas que fan mención ó arcebispo Xelmírez, en Galicia (Romaní Rodríguez e Otero Piñeyro 2005). E que indica que a igrexa foi restaurada no século XII, por tanto no lugar que ocupa a actual igrexa barroca, existiu unha igrexa románica así como unha prerománica, das que queda constancia na pía bautismal románica e nun modillón prerománico reutilizado nos muros da sacristía.

A uns 270 metros en liña recta, pero cunha considerable diferenza de cotas, atópase o xacemento da Esculca, GA36004006, trátase dun lugar onde se constataron restos cerámicos da Idade do Bronce, localizado no cumio do monte da Esculca.

Control arqueolóxico continuo da obra:

Realizarase o control e vixilancia de toda clase de movementos e remocións de terras, por medios mecánicos ou manuais. Nas catas e control arqueolóxicos previos constatáronse evidencias de dous empedrados contemporáneos, estes elementos pétreos serán reempregados nas franxas de amortecemento entre os muros tradicionais e o novo pavimento, facendo alusión ó antigo empedrado do lugar.



Estela
ARQUEOLOXÍA
E PATRIMONIO

677164635-986126165
Rúa Venezuela nº29 Of.2
36204 Vigo
contacto@estela.info
CIF: B-36969756

Indicarase á dirección de obra a necesidade de levantar primeira e unicamente o asfalto e posteriormente de non constatarse o enlousado inmediatamente despois do asfalto, ir retirando capas de terra cada 20 cm, intentando localizar o empedrado a unha maior profundidade ou calquera nivel arqueolóxico.

A medida que se vaian constatando posibles evidencias de elementos arqueolóxicos, paralizaranse os medios mecánicos e procederase á limpeza do elemento para determinar se é arqueolóxico ou non.

Durante o proceso documentarase a estratigrafía en cada tramo da gabia, mediante rexistro escrito de UE.s, fotográfico e realizaranse debuxos puntuais de perfís.

De toparse calquera elemento arqueolóxico en posición primaria paralizaranse as obras e informarse inmediatamente á administración, para que tome as medidas que considere oportunas.

De seren materiais mobles, referenciaranse en función da UE. e a súa localización.

Á luz dos resultados das catas arqueolóxicas e a identificación dun nivel de terra negra con tellas antigas, no entorno da praza, poderase ampliar as cotas da obra nesa zona, co fin de delimitar ese nivel o máximo posible se a dirección de obra o acepta.



Obras de dotación da rede de saneamento no lugar, baixo control arqueolóxico.

Medidas de protección e conservación:

Nas zonas onde se afecte o empedrado e sexa posible a súa conservación in situ, colocarase unha lámina de xeotextil impermeable e posteriormente, terra.

Ordenación da información e estudo de materiais: xestionaranse os materiais, farase inventario dos mesmos e entregaranse no museo indicado, en tempo e forma. Redactaranse os informes e memorias que a lexislación indica e entregaranse nos tempos marcados.



Estela
ARQUEOLOXÍA
E PATRIMONIO

677164635-986126165
Rúa Venezuela nº29 Of.2
36204 Vigo
contacto@estela.info
CIF: B-36969756

Medios Materiais

Medios de locomoción

- Vehículo Ford Fiesta

Material topográfico

- GPS
- Jalón
- Cinta métrica

Material de escavación

Equipo informático

- PCs
- Software para a xestión e análise de Información Xeográfica

Equipo fotográfico

- Cámara de fotos Nikon D3000

Equipo de debuxo e deseño gráfico

- Software Corel Draw 4
- Equipo para tratamento gráfico e debuxo asistido por ordenador
- Software de tratamento infográfico

Elementos para o estudo de materias:

- Peite
- Táboa de diámetros
- Bolsas de almacenaxe
- Material de lavado e siglado.

Tempo de execución

O tempo proxectado de traballo arqueolóxico é de 7 xornadas de traballo de campo, aínda que dependerá da velocidade das obras. A realización do control está planificado para o mes de xuño de 2015. Unha vez recibido o permiso de actuación, con tempo de antelación notificarase á DXPC o inicio das obras así como o seu fin.

Relación nominal do equipo técnico:

Director: Nestor Bacelar Domínguez NIF: 76912195 B Licenciado en Xeografía e Historia con especialidade en prehistoria e arqueoloxía pola USC e Diploma de Suficiencia Investigadora pola USC e actualmente doctorando pola USC). Con ampla experiencia arqueolóxica en traballos de arqueoloxía preventiva. Telf: 654999579

Técnico: Francisco Alonso Toucido NIF: 53611315V Graduado en Historia pola USC, con máster en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade e realizando actualmente o seu doutorado en Cerámica medieval galega. Encargarase do traballo de campo xunto co director así como da xestión e estudo de materiais. Telf: 677164635



Estela
ARQUEOLOXÍA
E PATRIMONIO

677164635-986126165
Rúa Venezuela nº29 Of.2
36204 Vigo
contacto@estela.info
CIF: B-36969756

Bibliografía:

Harris, E. (1991): *Principios de estratigrafía arqueológica*. Crítica, Barcelona.

Romaní Rodríguez, M. e Otero Piñeyro, P. (2005): *El antiguo monasterio de Santiago de Ermelo. Estudio, documentación e índices*. Cuadernos de Estudios Gallegos, Monografías nº6, CSIC, Santiago de Compostela.